

JOHN GALSWORTHY

O estoico

Traducido por Antía Veres Xesto



Hugin e Munin

CAPÍTULO I

*Aequam memento rebus in arduis servare mentem*¹

Horacio

Na cidade de Liverpool, un día de xaneiro de 1905, a sala de xuntas da sociedade Island Navigation Company descansaba, por así dicilo, despois dos labores vespertinos. Encol da longa mesa, que parecía talmente o campo dunha batalla intelectual deserto tras o combate, aínda estaban espaxados o papel secante, a tinta, as plumas e os documentos que deixaran alí abandonados seis persoas. No extremo principal, sentado na cadeira da presidencia, atopábase o vello Sylvanus Heythorp, só, cos ollos pechados, quedo e contundente coma unha estatua. Sobre o brazo da cadeira repousaba unha man inchada e feble cuns dedos trémulos; a cabeleira branca e densa da súa enorme cabeza brillaba á luz dunha lámpada cunha pantalla verde. Non estaba durmido, pois de cando en vez enchía as fazulas encarnadas e, a seguir, dos grosos beizos, asediados por un bigote branco e mais por un diminuto guecho de pelos canos que lle medraban enriba do

¹ «Lembra, nos momentos arduos, manter a serenidade de espírito». Cita tomada da *Oda* 2, 3 do poeta latino Horacio (65-8 AEC), dirixida, segundo apunta Porfirio, ao seu amigo Quinto Delio antes de que este partise de viaxe.

queixo partido, escapaba un son situado a medio camiño entre un suspiro e un funguido. Aquel torso voluminoso e cadrado, ataviado cunha chaqueta con galóns negros e afundido na cadeira, semellaba despoñado de calquera indicio de pescozo.

Gilbert Farney, secretario da Island Navigation Company, entrou na silandeira sala de xuntas, dirixiuse con brío á mesa, colleu uns papeis e mirou en fite o presidente. O mozo, que non tiña máis de trinta e cinco anos, en cuxas fazulas, cabeleira, barba e ollar se reflectían as brillantes tonalidades do optimismo, contraeu o nariz e os beizos nun xesto retranqueiro. Ao seu parecer, aquel home era a sociedade e, se o Consello de Administración existía, non era máis ca para darlle un pouco de variedade á súa importancia. El botaba cinco días á semana e sete horas ao día escribindo, pensando e entretecendo os fíos do negocio, namentres que esa xente se xuntaba alí unha vez á semana durante dúas ou tres horas e tentaba darlle leccións ao seu mestre. Pese a todo, esa figura somnolenta de fazulas coloradas e pelo branco non tiña un sorriso tan desdeñoso como cabería agardar. E é que, á fin e ao cabo, o presidente era un vello estupendo e pletórico de enerxía. Respectaríao calquera que tivese un chisco de entendemento. Oitenta anos! Tras unha vida enteira demostrando estar á altura das circunstancias (ou iso dicían!), atopábase medio paralizado e endebedado até as orellas despois de se arruinar coa mina de Ecuador (dende logo, tal acontecemento producírase antes da chegada do secretario, pero el tiña oído falar del). O home mercáraa enteira nunha operación especulativa (*De l'audace, toujours de l'audace*, encantáballe dicir), pagara a metade en efectivo e a metade en notas promisorias, pero logo resultou que alí non había nada, de modo

